



**PLAN DE TRABALLO de MATEMÁTICAS.
1º PRIMARIA. CURSO 2024-2025.
PROFESOR/A: EQUIPO DOCENTE DE 1º NIVEL**

MATERIAIS:

- Coco Loco.
- Material manipulativo (ábacos, calendario, reloxos...)
- Material fotocopiado.
- Recursos informáticos (xogos interactivos...)
- Caderno de traballo.

PLAN DE TRABALLO:

Os contidos da área de matemáticas trabállanse a partir dos materiais indicados.

Os bloques de contidos que se abordan nesta área son:

- Bloque 1. Sentido numérico.
- Bloque 2. Sentido da medida.
- Bloque 3. Sentido espacial.
- Bloque 4. Sentido alxébrico e pensamento computacional.
- Bloque 5. Sentido estocástico.
- Bloque 6. Sentido socioemocional.

Dividiremos as sesións en varias partes onde traballaremos os contidos:

1º Para empezar: a parte inicial da sesión basearase no cálculo mental exercitando habilidades matemáticas coa práctica dun xeito ameno do coco loco.

2º Aprendemos: presentaremos contidos mediante xogos demostrativos ou material manipulativo. So cando teñan afianzado o contido poderemos pasar ao papel.

3º Reflexión: reflexionamos sobre como podemos aplicar o aprendido á nosa vida diaria.

Completaremos a nosa aprendizaxe con obradoiros matemáticos manipulativos semanais e coa resolución de problemas como un dos eixos principais da nosa actividade.



CONTIDOS POR TRIMESTRE:

Os bloques de contidos desta área, citados no apartado anterior, son globais e trabállanse de xeito gradual nos tres trimestres, podendo haber variacións en función do ritmo e necesidades do alumnado.

| 1º TRIMESTRE | 2º TRIMESTRE | 3º TRIMESTRE |
|--|---|---|
| <ul style="list-style-type: none"> • Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra. • Unidades e decenas. • Anterior e posterior. • A suma. • Os días da semana. • Números complementarios (ata 10) • Series e patróns. | <ul style="list-style-type: none"> • Comparación e ordenación de números cardinais e ordinais (ata o 5º). • A suma e resta. • Liñas abertas e pechadas. • Formas planas (rectángulo, cadrado, triángulo e círculo) • Medidas de lonxitude simples (palmo, paso, pé) • Comparación de peso con obxectos da vida cotiá. | <ul style="list-style-type: none"> • Suma con levada. • Unidade de tempo: hora en punto e media. • Sistema monetario: moedas e billetes. • Táboas de dobre entrada. • Comparación de capacidades con obxectos da vida cotiá. |
| CONTIDOS COMÚNS AOS TRES TRIMESTRES | | |
| <p>Identificación, lectura, escritura e representación en recta numérica, ábaco, regretas e con obxectos cotiáns de números naturais ata o 99.</p> <p>Estratexias de cálculo mental de sumas e restas.</p> <p>Resolución de problemas da vida cotiá de forma individual e en equipo.</p> <p>Conceptos matemáticos: moitos-poucos, curto-ancho, esquerda-dereita...</p> | | |



AVALIACIÓN:

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas serán os criterios de avaliación. A avaliación será global, continua e formativa.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de In (Insuficiente), SUF (Suficiente), BE (Ben), NT (Notable) e SB (Sobresaínte). A estes termos achegarásenos, con carácter informativo, unha cualificación numérica, nunha escala do 1 ao 10.

| BLOQUES DE CONTIDO | INSTRUMENTOS AVALIACIÓN |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none">- Bloque 1. Sentido numérico.- Bloque 2. Sentido da medida.- Bloque 3. Sentido espacial.- Bloque 4. Sentido alxébrico e pensamento computacional.- Bloque 5. Sentido estocástico.- Bloque 6. Sentido socioemocional. | <ul style="list-style-type: none">• Escala de observación.• Rexistro anecdótico.• Traballo cotiá.• Intercambios orais.• Producións escritas. |

